

Perdérase, case...



**Un texto de Xosé Luís Méndez Ferrín
para o proxecto Ceibes no Monte do
IES Terra de Turonio**

Perdérase case, ou esquencérase, o nome da Terra de Turonio. Hoxe, felizmente, el encóntrase en trazo de ser rehabilitado. Turonio, o vello territorio dos Turones, é a porción da Galicia actual que limita: ao Sul, co río Miño; ao Oeste, coa Nova Inglaterra (Océano por medio); ao Norte, coa Ría de Vigo. Polo Leste, de modo incerto, Turonio sepárase do resto de Galicia polas Terras de Montes. O Turonio onomástico só perdura nas aldeas de Torroña e Troña, que parecen simpáticos fósiles dotados de misterio etimolóxico. Estamos a asistir á resurrección do nome e da noción de Turonio e a presente mostra, *Ceibes no Monte*, cobra solemnidade e resulta tocada pola emoción se a ollamos coma un acto restaurador da memoria secularmente abafada.

A Terra de Turonio, de forma trapezoidal no mapa, pode ser entendida coma unha síntese de Galicia a escala reducida. Aquí encóntranse os vales (fermosura irresistíbel) do Tea, do Miñor e outros nos que se perpetúa a imaxe máis idílica e donda de Galicia; incluída a beira dereita do Miño no nos derradeiros quilómetros de vida longa que iniciara no Pedregal de Irimia.. Aquí, tamén, as cidades e vilas históricas de Tui e Baiona, e a Guarda ao pé dos vestixios prehistóricos do Trega. E aínda aquí, as poderosas serras e os montes soberbos con penedos gravados con mil liñas e deseños enigmáticos. Por fin, aquí é Vigo e a actividade marítima, comercial e industrial que fixo da cidade e do seu “hinterland”, que é Turonio, o eixo sobre o que xiran as potencias anovadoras da Galicia contemporánea. Desde logo, nos montes de Turonio seguen a estar as bestas bravas ceibes sobre as escribiron Plinio e outros antigos.

As mulleres e os homes do Turonio actual crían gado, labran terra, escriben e editan libros, pescan e navegan, practican as artes, fabrican e manufacturan, levantan ideas, soñan, falan, viven e forman parte dunha paisaxe na que toda Galicia se atopa representada. Para cumio de felicidade, Turonio extrema con Portugal e con Portugal vive en harmonía, Río Miño mediante.

A presente mostra, *Ceibes no Monte*, céntrase principalmente nunha actividade ancestral, cal é a da cría de bestas soltas que anualmente son baixadas aos curros turonio de Mougás, A Valga e Torroña (Serra da Groba); de San Cibrán ou a Pardavedra ou Pinzás (Chan do Cereixo); de Morgadáns e O Galiñeiro (Val Miñor). O grupo de traballo multidisciplinar do IES “Terra de Turonio” de Gondomar é o autor colectivo desta brillante lección visual e nocional do universo dos cabalos do monte.

A Galicia que tén sede de coñecemento de si mesma verase sorprendida polas imaxes e descripcións dunha cultura viva en numerosos lugares, pro tamén vastamente ignorada por amplas camadas da nosa sociedade. *Ceibes no monte* constitúe un exemplo excelso de como pode ser entendido un ensino activo con raíz na propia realidade local e nacional. A práctica pedagóxica dun Instituto pode extenderse e actuar como centro iluminador da conciencia pública. Isto estase a conseguir con esta exposición.

Vigo (Terra de Turonio), 2009
X. L. Méndez Ferrín